

OS NOSOS TRABALLOS

Infantil A, mans á obra



Neste curso 2013- 2014, os nenos e nenas de infantil de 4 anos da aula da profe Maite fixemos moitos traballíños que nos axudaron a medrar e madurar desenvolvendo as nosas capacidades e adquirindo recursos propios.



Realizamos actividades grupais onde puxemos a proba o noso inxenio.



X
O
G
A
I
N
A

Lemos moitos contos da literatura tradicional e actual e fixemos as nosas propias versións deles.

OS NÓSOS TRABALLOS



Participamos nos festivais do cole e en todas as actividades do Centro:

Lemos contos de medo no Samaín cun decorado que arrepiaba...

E fixemos monicreques de morcegos e bruxiñas para todos os nenos.



X
O
G
A
I
N
A

Tamén levamos a termo talleres de cociña e repostería. O batido de plátano e laranxa foi super-refrescante!!!!

OS NÓSOS TRABALLOS



No Entroido
disfrazámonos das
personaxes dos
Picapedra.



X
O
G
A
I
N
A



OS NOSOS TRABALLOS



Pero o que ocupou a maior parte do noso tempo, foi o estudo da vida na prehistoria. Foi entón cando analizamos as pinturas rupestres atopadas en Altamira e as contrastamos coa obra de Franz Marc (S.XI X)



Compuxemos un mural ENOOOOORME onde representamos cazadores, pedras. Plasmamos as nosas mans e pintamos en tons marrón, negro e roxizo touros e cervos.

E en contraposición, cos animais do Expresionismo empregamos cores brillantes: a vaca amarela, o tigre, o



X
O
G
A
I
N
A

OS NOSOS TRABALLOS



E inventamos historias a partir de distintas pinturas colaborando varios compañeros.

Creamos mediante la técnica del trencadís o nuestro propio animal expresionista: a tartaruga vermella.

Xa vedes, un pouquiño de todo, eso si... con moitas ganas e entusiasmo!!!!
ATA O ANO QUE VEN!



X
O
G
A
I
N
A

OS NOSOS TRABALLOS

Biblioteca do CPI Cernadas de Castro



Unha de contos!

Algúns dos alumnos e alumnas que asistimos este curso a pedagogía terapéutica fixemos un traballo sobre Carapuchiña Vermella. Despois de ler varias versións, decidimos reescribir o texto, inventar o noso propio final e ilustrar o noso conto. Para isto último, pintamos cada un unha escena sobre lienzo e entre todos deseñamos e colocamos as personaxes.

A nós divertiunos moito, esperamos que vos guste!



(Ilustrador: Óscar Figueiras)

“Había unha vez unha nena chamada Carapuchiña Vermella. Un día foi visitar a súa avoa, porque estaba enferma.”



(Ilustradora: María Pérez)

“No bosque atopouse co lobo, que lle propuxo unha carreira para ver quen chegaba antes á casa da avoa. O lobo chegou primeiro porque foi polo camino máis curto.”



X
O
G
A
I
N
A

38

OS NOSOS TRABALLOS



(Ilustrador: Bernat Rojo)
“Cando o lobo chegou á casa da avoa, papouña dun bocado e meteuse na cama co seu pixama.”




(Ilustrador: Alejandro Lamas)
“Máis tarde, chegou Carapuchiña Vermella e petou á porta. O lobo díxolle que se achegara á cama e que se deitara ao seu lado.”



(Ilustrador: Héctor Sónora)
“Entón, Carapuchiña dixo:
- Avoíña, que ollos tan grandes téis!
- Son para verte mellor.
- Avoíña, que orellas tan grandes téis!
- Son para oírte mellor.
- Avoíña, que dentes tan grandes téis!
- Son... PARA COMERTE MELLOR!!”

Elaboración do texto:

María Pérez
Bernat Rojo
Zaira Seoane



(Ilustradora: Zaira Seoane)
“Entón, Carapuchiña Vermella sacou o teléfono e chamou a seu pai, que reuniu un exército porque o lobo era moi feroz. E xa non se volveu ver o lobo por esas terras.”

Composición das ilustracións:

María Pérez
Bernat Rojo
Zaira Seoane
Héctor Sónora
Óscar Figueira



Easter Bunnys

Os coellos de Pascua invaden o cole...

Os alumnos e alumnas de 1º A e B de primaria, sección bilingüe na materia de plástica, fixeron estes "easter bunnys" xunto coa súa profesora María Abraldes.

Primeiro tiveron que baleirar os ovos facéndolles dous buraquiños e soprando para extraer a parte interior, esta parte fixérona na casa coa axuda de pais e nais.

Logo trouxeron os ovos xa baleiros e fixeron os coches neste bonito circuito.





Crónica da viaxe a O Porto co proxecto Terra

Os días 9 e 10 de maio, os alumnos de 3º ESO fixemos unha visita ao Porto como actividade final do Proxecto Terra, del estivemos traballando nas sesións de titoría o tema da “Identidade territorial”.

Para ir ata alá utilizamos un autobús escolar, que logo nos serviu para nos desprazar pola cidade.

En primeiro lugar visitamos a Fundação- Museu Serralves, obra dun dos mellores arquitectos portugueses, Álvaro Siza. Segundo nos dixeron, o arquitecto podería modificar practicamente todo o museo, de xeito que dentro dun par de anos non sería o mesmo. Alí ensináronnos que estaba inspirado nunha casa antiga rodeada dun ambiente rural no medio da cidade, e amosáronnos as súas salas interiores, rematamos cun xogo de orientación.

Ao acabar, fomos pola avenida principal, que tiña unha distancia de 5 Km e era usada desde a antigüidade polos comerciantes; vai dende a costa ata o centro da cidade. Na parte antiga do Porto e en Gaia aprendemos como estaba planificada a cidade, como eran as casas, como se conseguía máis luz nas rúas, etc..

Ao día seguinte visitamos a Casa da Música, un edificio moi moderno, onde nos explicaron a súa arquitectura e deseño, os materiais e varios métodos de insonorización. Nos materiais interiores abundaba o aluminio e o cristal, serven para illar o son da música que se fai dentro e ao mesmo tempo manter a relación entre o interior e a cidade mediante o cristal. A guía tamén nos amosou os lugares para a composición de música e orquestra e dixo que grazas aos ordenadores da entrada do edificio, calquera podería facer música.


Pero non só houbo visitas culturais; tamén tivemos tempo para comer, descansar ou xogar ao minigolf na Pousada da Juventude.

A pesar de rematar moi cansos, a viaxe pareceunos moi interesante. Moitos de nós non coñeciamos O Porto, algún nin sequera fora nunca a Portugal, polo que aprendemos moitas cousas. Tamén usamos o metro, ao que moitos de nós nunca subiramos. En conclusión, gustaríanos volver para acabar de ver todo o que nos quedou, que foi moito.

(Alumnos de 3º PDC)



Fotos: Cristian González



OS NOSOS TRABALLOS

Biblioteca do CPI Cernadas de Castro



Nós reaccionamos, e ti?

Os cursos de 1º A e B de ESO, dentro do Proxecto Interdisciplinar deste ano, fixemos traballos sobre a contaminación e o cambio climático cos profesores Adolfo e Susi. Primeiramente empezamos por ver unha serie de vídeos e ler artigos sobre



o tema, e puxémonos mans á obra. Con Adolfo fixemos estes moedeiros cos cartóns de tetrabrick e a árbore de



Nadal. Uns monitores de Adegua aprendéronnos a facer papel reciclado, manteis de xornais e carpetas con refugallos.



X
O
G
A
I
N
A

OS NOSOS TRABALLOS

Biblioteca do CPI Cernadas de Castro



Cos monitores de Adegas aprendemos tamén a facer un limpatodo ecolóxico, que pode servir para limpiar diferentes superficies domésticas dunha maneira sinxela, barata e respectuosa co medio.

Tamén, con Adolfo, fixemos esta instalación: un cubo de un metro de lado que representa o lixo que xera durante un mes unha familia composta por cinco membros. Tamén saímos pola contorna do colexio onde atopamos todo tipo de lixo tirado de forma irresponsable incluso no medio das árbores.



X
O
G
A
I
N
A

OS NOSOS TRABALLOS

Biblioteca do CPI Cernadas de Castro



Visita á Universidade



DA Coruña



Visitamos a Universidade da Coruña onde nos levaron a visitar as instalacións de compostaxe e a depuradora de augas e nos informaron doutras actuacións que a universidade está a levar a cabo para aforrar recursos. Pola tarde visitamos a Casa Grande de Xanceda, unha explotación leiteira ecolóxica onde nos convidaron a degustación dos seus iogures. Mais adiante participamos no congreso

Re-Acción organizado polo CEIDA e que tivo lugar no Castelo de Santa Cruz de Oleiros.



X
O
G
A
I
N
A

OS NOSOS TRABALLOS



Mais adiante preparamos e realizamos obradoiros dirixidos aos alumnos e alumnas de Infantil e Primaria. Nas clases de Primaria pasamos un pequeno vídeo onde amosamos as actividades que leváramos a cabo e ensinamos aos rapaces a facer os moedeiros de tetrabrick. Tamén lles deixamos libros informativos sobre contaminación e cambio climático adecuados ás súas idades.



Para os nenos de Infantil, un grupo de rapazas artellou un pequeno teatriño con marionetas e despois fixeron gatiños de cartón cos pequenos e pequenas.



OS NOSOS TRABALLOS



Por último participamos no II Encontro de Xóvenes para a Sostibilidade e a Paisaxe en Pontevedra, onde tamén expuxemos os nosos traballos durante o curso.

Aquí podedes ver a dúas das nosas congresistas facendo a súa exposición e os posters que elaboramos para o evento.

